

FRANZ JOSEPH HAYDN (1732-1809)

Concerto para cello núm. 2 en Re maior
Allegro Moderato

Robrecht de Roeck, violoncello

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)

Concerto para violín núm. 5 en La maior, KV 219
Allegro

Daniel Rodríguez, violín

JOHAN SEVERIN SVENDSEN (1840-1911)

Romance para violín, op. 26

Celia Montañez, violín

GABRIEL FAURÉ (1845-1924)

Fantasia para frauta en Do maior, op. 79

Andantino
Allegro

Carlos Cascales, frauta

CAMILLE SAINT-SAËNS (1835-1921)

Habaneira, op. 83

Ramón L. Rodríguez-Peña, violín

CARL MARIA von WEBER (1786-1826)

Concerto para fagot en Fa maior, J. 127, op. 75

Allegro ma non troppo
Adagio

Belén Carril, fagot

CARL MARIA von WEBER (1786-1826)

Concerto para clarinete núm. 2 en Mi bemol maior, op. 74

Allegro

Miguel Peñarroja, clarinete

Duración: 90 minutos con pausa

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Concertos Fin de Curso do alumnado do Curso Avanzado de Especialización Orquestral

Como colofón dos seus estudos, cada un dos alumnos do Curso Avanzado de Especialización Orquestral participa nestes concertos públicos realizando unha interpretación solista destacada.

Luns 29 de maio de 2023

Robrecht de Roeck violoncello
Joan García trompa

Obras de Franz Joseph Haydn, Robert Schumann,
Richard Strauss e Richard Bissill

Martes 30 de maio de 2023

Carlos López trompeta
Cuarteto de corda:
Adriana Winkler violín I
Juan Pablo Calderón violín II
Fernando Fresno viola
Robrecht de Roeck violoncello

Obras de George Frideric Handel,
Franz Joseph Haydn e Felix Mendelssohn

Mércores 31 de maio de 2023

Belén Carril fagot
Miguel Peñarroja clarinete

Obras de Alexandre Tansman, Carl Maria von Weber,
Robert Schumann, Claude Debussy e Francis Poulenc

Xoves 1 de xuño de 2023

Carlos Cascales frauta
Ramón Ladislao Rodríguez-Peña violín

Obras de Wolfgang Amadeus Mozart, Luciano Berio,
Henri Dutilleux, Johann Sebastian Bach
e Camille Saint-Saëns

Xoves 8 de xuño de 2023 | Auditorio de Galicia, 20:30h

CONCERTO EXTRAORDINARIO DO CAEO COA RFG

Obras de Joseph Haydn, Wolfgang Amadeus Mozart, Carl Maria von Weber, Johan Severin Svendsen e Gabriel Fauré

Venres 2 de xuño de 2023

Fernando Fresno viola
Rosalba Olivares óboe

Obras de Paul Hindemith, Robert Schumann,
Richard Strauss e Guilles Silvestrini

Luns 5 de xuño de 2023

Pablo Calderón violín
Celia Montañez violín

Obras de Wolfgang Amadeus Mozart, Piotr Ilych
Chaikovski, Johan Svendsen e Jean Sibelius

Martes 6 de xuño de 2023

Iryna Morozova violoncello
Pablo Rincón contrabaixo

Obras de Johann Sebastian Bach, Johannes Brahms
e Serge Koussevitzky

Mércores 7 de xuño de 2023

Daniel Rodríguez violín
Gonzalo Otero percusión

Obras de Johann Sebastian Bach, Eugene Ysaÿe,
Wolfgang Amadeus Mozart, Nicolas Martynclow
e Johns Psathas

A Escola na cidade

Concertos Públicos EAEM 2023



CONCERTO EXTRAORDINARIO FIN DE CURSO

Curso Avanzado de Especialización Orquestral

Xoves 8 de xuño de 2023

Auditorio de Galicia | 20.30 h | Maximino Zumalave, director

ESCOLA DE
ALTOS ESTUDOS
MUSICAIS



Entrada libre ata completar cabida

eaem.es

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

MAXIMINO ZUMALAVE

Director

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director convidado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela. Con Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmair, as irmás Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial foi tamén a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

ALUMNOS SOLISTAS

Robrecht de Roeck violoncello

Doutorando en Musicoloxía pola Universidade Autónoma de Barcelona, Máster en Interpretación e Investigación Musical pola Universidade Internacional de Valencia e título superior polo Conservatorio Superior do Liceo de Barcelona, con bolsa da Fundación Ferrer-Salat. Foi galardoado en diversos certames, entre eles o primeiro premio no Concurso Internacional SIMW de Stuttgart, o primeiro premio en Cataluña no Certamen Intercentros Melómano, o segundo premio no Concurso Jaime Dobato Benavente e o gañador do certame Isaac Albéniz. Como solista, destaca a súa interpretación do Concerto de Elgar no Festival de Boranova, as Variacións Rococó de Chaikovski coa Orquestra Sinfónica do Conservatorio Superior do Liceo e os dous Concertos de Haydn e o concerto de Schumann no Castelo de Falset.

Daniel Rodríguez violín

Nado no ano 2000, comeza os seus estudos musicais aos oito anos. Remata o Grao Profesional no Conservatorio de Música Xoán Montes de Lugo coa profesora Carmen Varela, obtendo o Premio Fin de Grao. Continúa os seus estudos superiores no Conservatorio Superior de Música da Coruña, compaxinándoos durante tres anos co Curso de Especialización Instrumental da Escola de Altos Estudos Musicais co profesor Grigori Nedobora.

Celia Montañez violín

Nada en Cullera (Valencia), inicia os seus estudos musicais no Conservatorio Profesional de Música da súa cidade natal e á súa vez, completa a súa formación co violinista Joaquín Torre. En 2015 empeza os seus estudos superiores no Conservatorio Superior de Música Joaquín Rodrigo de Valencia coa profesora Cecilia García e, paralelamente, completa a súa formación co mestre Vicente Huerta. En 2019 ingresa en Musikene onde realiza o Máster de Interpretación en Estudos Orquestrais baixo a tutela do violinista Catalin Bucataru. En 2021 estuda na Academia de Estudos Orquestrais Baremboim-said cos mestres Miguel Colom e Aitor Hevia. En canto a orquestras profesionais, participou coa Orquestra Sinfónica de Bilbao e Orquestra Sinfónica de Euskadi. Actualmente pertence á bolsa de traballo da Orquestra Sinfónica das Illes Balears.

Carlos Cascales fruta

Nace na Línea de la Concepción, Cádiz. Cursou os seus estudos superiores no Conservatorio Superior de Música de Aragón xunto a Antonio Nuez, Fernando Gómez e André Cebrián, recibindo tamén clases con Clara Andrada. Seguidamente, continuou no Conservatoire de Strasbourg na clase de Sílvia Careddu. Actualmente segue formándose en Francia xunto á profesora Raquele Magalhaes. Carlos é gañador de numerosos concursos a nivel nacional e internacional. Participou con grandes orquestras novas como a JONDE, Neue Philharmonie München e OJSG, entre outras. Foi academista na Orquestra Ciudad de Granada e é actual membro reserva en EUYO e SHMF. Foi seleccionado como alumno activo no famoso festival FLAUTISSIMO 2019 celebrado en Roma.

Ramón L. Rodríguez-Peña violín

Nacido en Madrid en 1998, comezou a estudar violín aos 6 anos na Escola de Música Creativa coa profesora Lyudmila Mesropian, quen foi a súa mentora dende entón durante toda a súa formación, incluída a educación superior. Esta última, que remata en 2020 coas máximas notas, foi na Universidade Alfonso X el Sabio de Madrid. Tamén foi membro habitual da Orquesta Juvenil de Aragón e da Orquesta Juvenil de la Comunidad de Madrid e é membro activo da Orquesta Sinfónica de Cantabria, coa que actuou nos Teatros del Canal, no Auditorio Nacional de Música, na Teatro Real e o Palacio de Fiestas de Santander, entre outros. Durante o curso 2021-2022 estivo realizando un curso de perfeccionamento en Viena no "Le Conservatoire" onde recibe regularmente clases de Fedor Rudin e María Mesropian.

Belén Carril fagot

Belén Carril Miguéns nace no ano 1997 en Padrón e aos 9 anos ingresa no CMUS Santiago de Compostela onde termina os seus estudos en 2017 da man do mestre Álex Valcárcel cun premio de fin de grao. A continuación comeza o grao superior no CSM Vigo e termina no 2022 co profesor Óscar Araújo. Durante o 2021 e o 2022 foi bolseira para realizar un Erasmus no Conservatorio Giuseppe Verdi de Milán co mestre Paolo Biagini e entre o 2020 e o 2021 estuda o curso de especialización orquestral con Manuel Veiga. Gañou varios premios en concursos de fagot e recibiu clases con mestres como Giorgio Mandolesi ou Steve Harriswangler. Así mesmo tocou con orquestras como a Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia ou a Orquestra Vigo 430, entre outras.

Miguel Peñarroja clarinete

En 2021, o clarinetista valenciano Miguel Peñarroja completa os seus estudos de Diploma na Wiener Musikakademie (Viena) e en 2022 o Grao Superior na Universidade Anton Bruckner de Linz. En 2018 obtivo o premio extraordinario do Conservatorio Profesional de Música da Vall d'Uxó, o segundo premio do concurso de talentos novos do Classical Music Vilavella e o 3º premio do concurso Tenerife ClarinetFest, en xullo de 2019 foi semifinalista do 27º World Music Competition e en 2021 foi convidado como solista ao Festival Internacional de Música de Cámara de Plovdiv (Bulgaria). É membro da JONDE ata 2023 e colaborou con orquestras profesionais como a Orquesta Simfónica de Castelló e a Orquestra Filharmónica de Praga.